



DATOS IDENTIFICATIVOS

Segundo idioma estranxeiro IV: Francés

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Segundo idioma estranxeiro IV: Francés | | | |
| Código | V01G180V01404 | | | |
| Titulación | Grao en Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 2 | 2c |
| Lingua de impartición | Francés | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Mayoralas García, Jose | | | |
| Profesorado | Mayoralas García, Jose | | | |
| Correo-e | josemg@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Os obxetivos desta materia son a adquisición dunha competencia línquística e normativo-gramatical do francés falado e escrito nos seus diferentes rexistros e variantes socioculturais. | | | |

Competencias de titulación

| Código | |
|--------|--|
| A1 | Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz |
| A3 | Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a línquística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos |
| A5 | Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos línquísticos e literarios |
| A6 | Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación línquística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao |
| A8 | Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo línquístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise línquística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo |
| A10 | Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos línquísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao |
| B1 | Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B2 | Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |

Competencias de materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---------------------------------------|----|
| Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión oral. saber | A1 A5 | B2 |

| | | |
|---|-----------------------|----|
| Desenvolver as nocións gramaticais básicas e ampliar eses coñecementos a estruturas máis complexas. | A3 | |
| Fomentar a capacidade de expresión e comprensión da lingua francesa e a práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos. | A8 A10 | |
| Mostrar a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma estranxeiro co propio. | A1 A3 A6 A10 | B1 |
| Mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos. | A1 A3 A6 A10 | B1 |

Contidos

Tema

| | |
|---|--|
| 1.- Lexique et syntaxe | 1.I La classe du mot et ses relations avec le contexte. 1.II Les traits sémantico-syntaxiques qui concernent les liens avec le référent 1.III La place de l'adjectif par rapport au substantif 1.IV Termes synthétiques et termes analytiques en français qui ne se recouvrent pas en galicien et en espagnol |
| 2.-Analyse des verbes en traits inhérents. | 2.I Verbe, +□ transitif, attributif, factitif, résultatif etc.) 2.2 Les adverbes de manière par dérivation propre et impropre |
| 3.-Les niveaux de langue: Langue parlée et écrite: les Dislocations (à gauche), | 3.I Constructions embarrassées, équivoques, obscures |
| 4.- Le parler « branché ». | 4.I La transposition nominale ou nominalisation 4. II La nominalisation à outrance |
| 5.- La néologie. | 5.I Affixe, Préfixe, Suffixe, Composition, Dérivation, Étymologie, Emprunt, Mot-valise, Sigle/Acronyme, Onomatopée, etc. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Sesión maxistral | 20 | 40 | 60 |
| Traballos de aula | 6 | 12 | 18 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 20 | 40 | 60 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 6 | 6 | 12 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Sesión maxistral | Explicación dos contidos lingüísticos e gramaticais nos seus aspectos teóricos e técnico-contrastivos |
| Traballos de aula | Realización dos consiguientes traballos e probas cara ao futuro desenvolvemento do saber, saber facer e saber estar do alumnado de linguas estranxeiras aplicadas |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Presentación, discusión e supervisión de exercicios e traballos individuais polo profesor na aula |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Traballos de aula | Traballos feitos baixo a supervisión e corrección do profesor antes da súa presentación final |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Traballos feitos baixo a supervisión e corrección do profesor antes da súa presentación final |
| Probas | Descrición |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | Traballos feitos baixo a supervisión e corrección do profesor antes da súa presentación final |

Avaliación

| Descrición | Cualificación |
|------------|---------------|
|------------|---------------|

| | | |
|---|--|----|
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Resolución e corrección por parte do alumnado, ante o docente e o resto dos seus compañeiros de clase, de frases normativo-contrastivas. | 10 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | Realizaranse 3 probas escritas -unha cada mes- sempre na última clase da última semana de cada mes. Como as tres probas acadan un 90%, a calificación será progresiva. É dicir, un alumno que teña, por exemplo, 3, 4 e 5 ao longo de cada unha das probas, acadará un 5 como nota final. Non aprobará se o proceso é regresivo: 6, 5, 4. | 90 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

- **Primeira edición das actas:** A avaliación será continua. Para ser avaliado será necesario ter asistido ó 80% das clases. Nesta primeira edición das actas haberá unha avaliación única para o alumnado que ó comezo do curso xustifique debidamente, en tempo e forma (nas dúas primeiras semanas do inicio do curso), que non pode realizar a avaliación continua. Nese caso fará unha proba única teórico-práctica ao final do cuadrimestre. Esa nota contabilizará 50% para a parte práctica e 50% para a parte teórica.

- **Segunda edición das actas:** Os alumnos que non superen a materia na primeira edición das actas farán en xullo unha proba final que contará coma un 100% da nota: esa nota contabilizará 50% para a parte teórica e 50% para a parte práctica.

Bibliografía. Fontes de información

Boularès & Frérot., **Grammaire progressive du français avec 400 exercices**, Paris : Clé International, 1997,

Leroy-Miquel & Goliot-Lété, **Vocabulaire progressif du français**, Paris, Clé international,

A. Belot, **L'espagnol mode d'emploi, Pratiques linguistiques et traduction**, Editions du Castillet, Perpignan,

A. Camus, **L'étranger**, Folio,

1. Educaserve: Cours de français sur Internet (Niveaux 1-3)
Cours intermédiaire de français mettant l'accent sur la grammaire.
2. Grammaire française BEPP (Département de didactique, de psychopédagogie et de technologie de l'enseignement de l'Université Laval, Québec) (Niveau 3)

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Segundo idioma estranxeiro V: Francés/V01G180V01604

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Francés/V01G180V01106

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Francés/V01G180V01205

Segundo idioma estranxeiro III: Francés/V01G180V01304

Outros comentarios

O nivel recomendado para seguir as clases é un nivel B2.1